

Concello de Lugo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS POLA CELEBRACIÓN DO ACTO DE RECOÑECEMENTO AOS MELLORES EXPEDIENTES: ESTUDANTES DE FP DECICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR - ANO 2022.

Na casa do Concello de Lugo, a 15 de xuño de 2022

REUNIDOS


Dunha parte, Dna. Lara Méndez López, con D.N.I. número 77594722J, actuando en nome e representación como Alcaldesa-Presidenta, do Excmo. Concello de Lugo con domicilio en Lugo, Pza Maior nº 1 e C.I.F. P-2702800J.

E doutra banda D. Antonio López Díaz , Reitor Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en virtude das facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes comparecentes reconécese mutuamente a capacidade xurídica e de representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio, e a tal efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela teñen interese en promover entre a mocidade á importancia dunha formación académica que aporte capacitación como medio de facilitar o acceso da xuventude o mercado laboral. Para o cal celébrase o día 15 de xuño un acto de recoñecemento aos mellores expedientes de FP. Este evento é ademais unha ocasión única para facer chegar a este público os programas e actividades que desexa a cidade especificamente para a mocidade e facer de Lugo unha cidade atractiva para continuar cos seus estudos ou para comezar coa súa etapa laboral.



SEGUNDO.- Que o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril, artigo 25. 1. *O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25.1 "El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo "*

TERCEIRO.- Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto á organización dunha gala de recoñecemento aos mellores expedientes de FP de Ciclos Formativos de Grao Superior.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

CLAÚSULAS


PRIMEIRO.- OBXECTO DA COLABORACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

O Concello de Lugo intégrase coma colaborador do devandito evento como forma de captar novos talentos que se afinquen na cidade xa sexa para continuar cos seus estudos ou para comezar coa súa etapa laboral Todo isto, baixo o interese público que ostenta unha actividade destas características.

SEGUNDO.- COMPROMISOS DA USC

A USC comprométese a atender todas as necesidades para o desenvolvemento do evento ~~nos~~ días anteriores, durante o mesmo e relacionadas coa finalización do mesmo. En concreto, farase cargo dos seguintes servizos e/ou subministracións:

- Organización previa dos asistentes: comunicacións co estudantado, envío de invitacións, xestión das reservas, ...




- Organización do acto: escaleta e desenvolvemento do acto propiamente dito.
- Adquisición e aluguer do seguinte material:
 - PHOTOCALL USC: Deseño de lona a partir de identidade corporativa; subministro de photocall 3x3 módulos e portes, por un importe de 844.37€
 - Dinamización de pantalla para o acto, por un importe de 400€
 - Flores macetas exteriores, por un importe de 100€
 - Merchandising a entregar os homenaxeados, por un importe de 250€

TERCEIRO.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE LUGO

- Concello de Lugo colaborará coa USC co aluguer dos equipos necesarios para o desenvolvemento evento, polos conceptos seguintes:
 - Autorización de uso sen coste do auditorio Gustavo Freire o día 15 de xuño.
 - Aluguer do seguinte material de son, audiovisual e iluminación:
 - 8 PCS (Filtro cálido)
 - 8 recortes
 - Mesa de son
 - Mesa de luces
 - PA ADECUADO A SALA
 - Dimer
 - Micro atril
 - Atril
 - 2 micros inalámbricos
 - Cableado para situar o control no fondo do patio de butacas
 - PANTALLA LED 4 POR 3 METROS P3.81 COMO MINIMO
 - Cableado hdmi para conectar os ordenadores

O Concello de Lugo licitará mediante a licitación correspondente ao aluguer dos equipos e a prestación dos servizos anteriores por un importe total de **1.100 € máis IVA**. Non se realizará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes.



CUARTO.- FINANCIAMENTO DO ACTO DE RECOÑECEMENTO AOS MELLORES EXPEDIENTES DE FP DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR.

- O evento finánciase a través das contribucións do Concello de Lugo e a USC no marco do presente convenio.
- O orzamento estimado deste evento é de 2.925,37 €, dos que o Concello asumirá un importe de 1.100,00€ e a USC 1.594,37 €.


QUINTO.- VIXENCIA DO CONVENIO

Dado que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do “**ACTO DE RECOÑECEMENTO AOS MELLORES EXPEDIENTES DE FP DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR**”, data prevista 15 de xuño de 2022. O convenio extinguirase tras a clausura do acto, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do evento, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.


Serán causas de resolución anticipada, ademais das expresamente previstas na lexislación aplicable:

- a. O incumprimento das obrigacións por calquera das partes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado aos membros da Comisión de Seguimento e á entidade cumpridora. Se transcrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia da causa deresolución e entenderase resolto o convenio.
- b. A imposibilidade de realizar o proxecto no lugar e data establecidos por calquera causa.

SEXTO.- DISCREPANCIAS



As discrepancias en canto á interpretación do presente convenio resolveranse de mutuo acordo entre as partes, chegando a firmar addendas ou notas aclaratorias ao mesmo se fose necesario.



Concello de Lugo



Con todo, se o conflito non se resolveuse nos termos pactados, as diverxencias que podan xurdir quedarán sometidas á correspondente xurisdición contencioso- administrativa.

SETIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

No caso de que algunha das partes o solicítase, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por catro membros, dous por cada unha das partes, que velará polo cumprimento dos acordos establecidos no presente documento e que resolverá todas as cuestións que poidan exporse en relación co desenvolvemento do proxecto.

En caso de discrepancias entre os membros da Comisión de Seguimento, someterase a solución das mesmas á decisión dos que subscriben o presente convenio. A Comisión reunirse coa frecuencia que os seus integrantes consideren necesaria e poderán asistir ás súas reunións as persoas que en cada momento consideren oportuno os membros da Comisión.

En proba de conformidade asinan na data que figura ao comezo deste documento.



Dña. Lara Méndez López


UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Antonio López Díaz